



**VICERREITORÍA DE COMUNIDADE UNIVERSITARIA  
E COMPROMISO SOCIAL**

Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado  
Sección de Servizos á Comunidade Universitaria  
Pavillón Estudantil. Campus Universitario Sur  
15782 Santiago de Compostela


Co obxecto de que a Asociación Estudantil que vostede preside, poida manterse no **REXISTRO PÚBLICO DE ASOCIACIÓNS ESTUDANTIS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, debe proceder a actualizar os membros que constitúen a xunta directiva, o domicilio social, o número de teléfono de contacto ou calquera outro dato que considere de interese para xeral coñecemento da comunidade universitaria.

Antes do **día 31 de xaneiro de 2009**, debe comunicar á Sección de Servizos á Comunidade Universitaria do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, Pavillón Estudantil, Campus Universitario Sur, Santiago de Compostela, o anteriormente requirido, **de non o facer procederase a dala de baixa no devandito Rexistro**.

Para facilitarlle o labor envíolle uns modelos de documentos que deberá cubrir:

1. Compoñentes da xunta directiva cos seus datos identificativos
2. Autorización para poder publicar determinados datos na web da USC
3. Declaración do Presidente/a de compromiso de comunicar os cambios que se produzan na composición, xunta directiva, enderezo e extinción da Asociación.
4. Declaración do presidente/a do número de asociados que forman parte da mesma.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2008  
**O VICERREITOR DE COMUNIDADE UNIVERSITARIA  
E COMPROMISO SOCIAL**



José Manuel Mayán Santos